| | |
|---|---|
| EXPEDIENTE: | **2023/00040164X** |
| PROCEDEMENTO: | **Aprobación das bases de subvencións (FP)** |

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 15 de decembro de 2023 adoptou o seguinte acordo:

Concesión da Convocatoria de Axudas destinadas a Apoiar ás Empresas de Economía Social de Santiago de Compostela 2023

A proposta é do seguinte teor literal:

**ANTECEDENTES**

A xunta de Goberno Local aprobou, na sesión do 9 de outubro de 2023, as bases reguladoras da "CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR ÁS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA cuxo extracto foi publicado no BOP da provincia da Coruña con data de 16 de outubro de 2023.

Para dar apoio na tramitación da convocatoria destas axudas foi contratado pola Oficina de Promoción Económica unha asistencia técnica para a prestación do servizo de consultoría.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, recíbense un total 24 solicitudes.

Con data de 9 de novembro de 2023 dando cumplimento ao establecido na base 10ª das bases reguladoras da CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR ÁS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA remítense ás empresas que non presentaron a documentación completa, requerimentos de subsanación.

A totalidade das empresas presentaron a documentación requirida, agás unha empresa que presentou a renuncia á súa solicitude, polo que os seus expedientes resultaron completados en prazo.

Revisada a totalidade da documentación concluímos:

1. Que a totalidade das empresas, agás a empresa que presenta a renuncia, cumpren cos requisitos establecidos na base 3ª para ser beneficiaria da subvención.

2. Que todas elas teñen unha puntuación superior a 4 puntos conforme co establecido na base 4ª.

3. Que todas ellas realizan os gastos subvencionables entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro de 2023 conforme establece a base 5ª.

4. Que figura un único desestimento dunha persoa solicitante, SÉTIMA S. COOP. GALEGA, con número de expediente 2023/00047239R.

5. Que a totalidade das persoas solicitantes que se propoñen para aprobación se atopa ao corrente coas obrigas tributarias estatais, autonómicas, municipais, e coa seguridade social.

6. Que en definitiva, en atención á comprobación realizada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude que constan no expediente, as persoas que se relacionan, reúnen todos os requisitos válidos para acceder á subvención.

Incorpórase ao expediente con data de 27 de novembro de 2023 certificado expedido polo Secretario do Concello de Santiago no se pon de manifesto que:

> *1. Que a totalidade das empresas solicitantes, agás a empresa que presenta renuncia, cumpren cos requisitos establecidos na base 3ª para ser beneficiaria da subvención.*
>
> *2. Que todas elas teñen unha puntuación superior a 4 puntos conforme co establecido na base 4ª.*
>
> *3. Que todas ellas realizan os gastos subvencionables entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro de 2023 conforme establece a base 5ª.*
>
> *4. Que figura un único desestimento dunha persoa solicitante, SÉTIMA S. COOP. GALEGA, con número de expediente 2023/00047239R.*
>
> *5. Que a totalidade das persoas solicitantes que se propoñen para aprobación se atopa ao corrente coas obrigas tributarias estatais, autonómicas, municipais, e coa seguridade social.*
>
> *6. Realizouse a comprobación e cotexo documental nos termos establecidos nas Bases da convocatoria de axudas, constando no expediente informes da Oficina de Promoción Económica individualizados para cada expediente.*
>
> *7. Que en definitiva, en atención á comprobación realizada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude que constan no expediente, as persoas que se relacionan, reúnen todos os requisitos válidos para acceder á subvención.*
>
> *8. Tal e como se establece na base 11ª, á vista da avaliación efectuada formularase, por parte de Alcaldía, proposta de resolución na que se indicarán as empresas beneficiarias, o importe correspondente de axuda, así como pronunciamento expreso e motivado sobre as solicitudes desestimadas; que se elevará á Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.*

Incorpóranse como anexos a este informe proposta de resolución de cara a facilitar a fiscalización do expediente a seguinte documentación:

- Documentación presentada polas empresas, unificada nun único arquivo identificado co nome de cada empresas e precedido polo informe técnico correspondente de valoración da solicitude de axuda.
- Ficha de expediente de todos os expedientes de solicitude.

## CONSIDERACIÓNS

Normativa de aplicación:

1. Bases de execución do orzamento municipal.
2. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
4. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
6. Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tal e como se establece na base 11ª, á vista da avaliación efectuada formularase, por parte de Alcaldía, proposta de resolución na que se indicarán as empresas beneficiarias, o importe correspondente de axuda, así como pronunciamento expreso e motivado sobre as solicitudes desestimadas; que se elevará á Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.

O resultado da fase de instrución conclúe cun total de 23 expedientes que son susceptibles de percibir a subvención. Asimesmo, existen supostos nos que as contías concedidas sofren diminución respecto das contías solicitadas polos motivos que se indican para cada expediente en concreto.

A) As puntuacións outorgadas e proposta de subvención a outorgar son:

| | **EXPEDIENTE** | **SOLICITANTE** | **NIF** | **IMPORTE SOLICITADO** | **IMPORTE CONCEDIDO** | **PUNTUACIÓN** | **MINORACIÓN** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2023/00046903X | SALGUEIRIÑOS DE CONSUMO S COOP GALEGA | F70212824 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,00 | |
| 2 | 2023/00046905N | MAOS INNOVACION SOCIAL SOC COOP GALEGA | F70407549 | 14.028,42 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 3 | 2023/00047049H | FLYING FUN S.COOP.GAL | F10521672 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,00 | |
| 4 | 2023/00047055R | ABELURIA, S. COOP. GALEGA | F70557947 | 5.000,00 | 5.000,00 | 7,00 | |
| 5 | 2023/00047057A | COMPOSTELA INSERTA EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, S.L. | B70181771 | 9.882,78 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | 2023/00047060Y | CONSERVATORIO HIST. SANTIAGO DE COMPOSTELA S COOP GAL | F70005376 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5,50 | |
| 7 | 2023/00047061F | ALMAZEN DE YOGA SDAD COOP GALEGA | F70560701 | 5.000,00 | 5.000,00 | 7,00 | |
| 8 | 2023/00047065B | ARTEFEITO PRODUCIONS, S.COOP.GALEGA | F70586763 | 10.418,11 | 5.000,00 | 8,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 9 | 2023/00047067J | CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA | F15983067 | 14.017,67 | 5.000,00 | 7,50 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 10 | 2023/00047070Q | FEITORIA VERDE SOC COOP GALEGA | F70355268 | 6.224,56 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 11 | 2023/00047236K | ASPAS EMPREGO | B70007083 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,50 | |
| 12 | 2023/00047074C | ILLA BUFARDA, S.COOP.GALEGA | F70535943 | 12.451,53 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 13 | 2023/00047075K | STRELIA ELECTROTECNICA S COOP GALEGA | F70379698 | 11.153,21 | 5.000,00 | 6,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 14 | 2023/00047076E | CIDADANIA REDE DE APLICACIONS SOCIAIS SOC COOP | F15715683 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,00 | |
| 15 | 2023/00047238T | OBREGON Y ARIAS S COOP GALEGA | F72616600 | 51.570,35 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 16 | 2023/00047077T | ENTRELAMPO | G70479571 | 5.460,01 | 5.000,00 | 6,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | a convocatoria |
| 17 | 2023/0004707 9W | ARABIAS S.COOP.GALEGA | F70545199 | 5.000,00 | 5.000,00 | 7,00 | |
| 18 | 2023/0004708 0A | RAYADOS S.COOP.GALEGA | F70467113 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 19 | 2023/0004708 1G | GAIA DOS NENOS S.COOP.GALEGA | F70455779 | 7.159,50 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 20 | 2023/0004708 2M | 7H SOCIEDADE COOP GALEGA | F70444302 | 5.000,00 | 5.000,00 | 7,00 | |
| 21 | 2023/0004717 0R | COMUNIDADE CREATIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA | F01631282 | 25.400,00 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 22 | 2023/0004709 1Z | NELINES S COOP GALEGA | F70597398 | 12.098,47 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 23 | 2023/0004709 2S | NUMAX S COOP GALEGA | F70402490 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5,50 | |

Segundo se desprende da documentación que figura no expediente, as persoas propostas como beneficiarias cumpren cos requisitos establecidos na normativa reguladora de subvencións para poder resultar beneficiarias destas axudas.

Con data de 13 de decembro de 2023 o departamento de Intervención emite o informe de reparo 1794/2023 no que se sinala o seguinte:

1. **En relación á solicitude presentada pola empresa Salgueiriños de Consumo soociedade cooperativa galega:**

> *"Salgueiriños de Consumo S. Coop Galega: presenta como documentación xustificativa unha factura por 14.106,05 € relativa á adquisición de aceite de oliva.*
>
> *De acordo cos estatutos desta entidade, o seu obxecto social non é outro que o "servizo de intermediación na compra de productos e servizos que ofrece aos seus socios e socias", sinalándose que, "Para o cumprimento do obxecto social, a cooperativa producirá os bens e servizos directamente ou* ***adquiríndoos de terceiros, mediante acordos e convenios, e poderá tamén alugar ou vender****, para o*

*cumprimento de dito obxecto social, o patrimonio, bens e dereitos dos que sexa propietaria".*

*O obxecto da convocatoria é a* ***consolidación e o mantemento*** *de empresas con forma xurídica de cooperativa, sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción definida como tal segundo o establecido na Lei de Economía Social de Galicia, coa finalidade de contribuír á consolidación e desenvolvemento do tecido empresarial no Concello apoiando a empresas de economía social mediante axudas ao gasto corrente no que incorren para desenvolver a súa actividade empresarial, nun momento especialmente delicado tras a pandemia da COVID-19 e os efectos derivados da mesma.*

*O primeiro que compre subliñar é que tanto o obxecto como a finalidade da convocatoria, tal e como están definidos na mesma, adolecen de concreción, sen que tampouco se desenvolva no seu texto cales son as accións ou proxectos aos que vai dirixida, concreción que permitiría verificar a adecuación do gasto aos proxectos ou accións definidas pola convocatoria, é dicir, o carácter subvencionable do o gasto.*

*En todo caso, non se contempla de modo expreso que constitúa o obxecto da mesma a realización de actividades produtivas como tal, isto é, as accións tendentes a promover a posibilidade dun lucro potencial para a entidade beneficiaria, -se ben é certo, si se establece como gasto subvencionable o relativo á adquisición de mercadorías, circunstancia que debera terse en conta aos efectos da redacción de futuras convocatorias co mesmo obxecto-, senón que este obxecto está definido como a consolidación e mantemento destas empresas.*

*Salgueiriños de Consumo S. Coop Galega adquire produtos que logo vende, e está a percibir unha remuneración por dita operación, sen que, no seu caso, tampouco constitúa o obxecto da convocatoria o financiamento de perdas acontecidas con motivo da venda a un prezo inferior ao de adquisición.*

*Como ten sinalado o Tribunal Supremo en sentenza 2336/2016, de 2 de novembro de 2006:*

*La Sala entiende que en aplicación de lo establecido en el art. 19.3 de LGS "el importe de las subvenciones en ningún caso podrá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos, supere el coste de la actividad subvencionada". Y esto sería lo que ocurriría de no admitirse el criterio de la ONA. Añadiendo el art. 30.4 LGS, en consonancia con lo anterior que "cuando las actividades hayan sido financiadas, además de con la subvención, con fondos propios u otras subvenciones o recursos, deberá acreditarse en la justificación el importe, procedencia y aplicación de tales fondos a las actividades subvencionadas.*
*(...)*
*En efecto, resulta correcto y razonable que si una actividad es financiada a cargo de la subvención, sólo deba serlo, salvo expresa previsión en contra de las normas reguladoras, por el coste efectivo de la actividad, no por el coste bruto. Esto es, el coste imputable a la subvención debe descontar, tal como afirma el fundamento transcrito, los ingresos obtenidos por dicha actividad.*

*En el motivo, la parte se limita a señalar que el órgano concedente había aprobado las partidas correspondientes y que la totalidad de los ingresos se aplican a actividades de la Fundación. Sin embargo, aunque esto fuera así, lo que no está en discusión, lo cierto es que al no establecer el convenio entre el Ministerio de Ciencia y Tecnología y la Fundación ninguna regla específica al respecto, la financiación de una actividad debe atender al coste efectivo de la misma, pues el objeto de la subvención es realizar determinadas actividades, no generar beneficios, lo cual supone minorar los costes totales con los ingresos que pudiera haber generado cada actividad.*

*En consecuencia, ao noso xuízo e en relación co expediente examinado, existe unha sobrefinanciación do custe da actividade subvencionada, sen que conste expresamente na convocatoria que a mesma teña por obxecto favorecer unha actividade de lucro potencial para o promotor do proxecto, polo que o gasto xustificado por esta entidade non podería ser considerado como gasto subvencionable ao seu abeiro.*

Á vista do exposto é criterio desta oficina aceptar o exposto polo departamento de servizos económicos e propor a denengación da solicitude de axuda presentada pola empresa SALGUEIRIÑOS DE CONSUMO S COOP GALEGA en base ao exposto no citado informe de intervención.

2. **En relación áo punto *B.1 Que existe informe do órgano colexiado correspondente sobre a avaliación das solicitudes.***

*Conforme a convocatoria, "A avaliación das solicitudes, conforme os criterios de valoración establecidos na base 4ª, realizarase pola Oficina de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela. Avaliada a documentación, en base ao sistema de concorrencia competitiva e á puntuación obtida, elaborarase unha proposta motivada de lista coas solicitudes aprobadas, o importe correspondente de axuda, e as denegadas"*
*Dado que a convocatoria se define como de concorrencia competitiva, lle é aplicable o disposto no artigo 22.1 da LXS que sinala que, a este tipo de procedemento no que a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, "la propuesta de concesión se formulará al órgano concedente por un* ***órgano colegiado*** *a través del órgano instructor".*

*Polo exposto, non resulta conforme á normativa de subvencións a ausencia de regulación na convocatoria da constitución, e posterior avaliación por unha comisión, das solicitudes presentadas, circunstancia da que deixamos constancia, dado o alcance de carácter de limitado da fiscalización da convocatoria realizado no informe 1327/2023.*

A vista do exposto é criterio desta oficina levantar este reparo ao ser insubsanable por non estar previsto nas bases da convocatoria.

Tendo en conta o exposto anteriormente INFORMASE FAVORABLEMENTE con data de 13 de decembro de 2023 os expedientes de axudas obxecto de reparo, agás o

presentado pola empresa SALGUEIRIÑOS DE CONSUMO S COOP GALEGA e **incorpórase ao expediente con data de 14 de decembro de 2023 resolución de levantamento de reparo 2023/15485 da alcaldía.**

**PROPOSTA**

Á vista de canto antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

**Primeiro.** Aprobar a concesión, xustificación e pagamento das axudas, ás empresas e polos importes relacionados a continuación que suman un total de 110.000,00 euros con cargo á aplicación á partida orzamentaria 2023 010 43300 4790002 DESENV EMPRESARIAL TRANSFERENCIAS CORRENTES A EMPRESAS PRIVADAS dos orzamentos municipais de 2023:

| | **EXPEDIENTE** | **SOLICITANTE** | **NIF** | **IMPORTE SOLICITADO** | **IMPORTE CONCEDIDO** | **PUNTUACIÓN** | **MINORACIÓN** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2023/00046905N | MAOS INNOVACION SOCIAL SOC COOP GALEGA | F70407549 | 14.028,42 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 2 | 2023/00047049H | FLYING FUN S.COOP.GAL | F10521672 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,00 | |
| 3 | 2023/00047055R | ABELURIA, S. COOP. GALEGA | F70557947 | 5.000,00 | 5.000,00 | 7,00 | |
| 4 | 2023/00047057A | COMPOSTELA INSERTA EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, S.L. | B70181771 | 9.882,78 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 5 | 2023/00047060Y | CONSERVATORIO HIST. SANTIAGO DE COMPOSTELA S COOP GAL | F70005376 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5,50 | |
| 6 | 2023/00047061F | ALMAZEN DE YOGA SDAD COOP GALEGA | F70560701 | 5.000,00 | 5.000,00 | 7,00 | |
| 7 | 2023/00047065B | ARTEFEITO PRODUCIONS, S.COOP.GALEGA | F70586763 | 10.418,11 | 5.000,00 | 8,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 8 | 2023/00047067J | CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA | F15983067 | 14.017,67 | 5.000,00 | 7,50 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | GALEGA | | | | | que establece a convocatoria |
| 9 | 2023/00047070 Q | FEITORIA VERDE SOC COOP GALEGA | F70355268 | 6.224,56 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 10 | 2023/00047236 K | ASPAS EMPREGO | B70007083 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,50 | |
| 11 | 2023/00047074 C | ILLA BUFARDA, S.COOP.GALEGA | F70535943 | 12.451,53 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 12 | 2023/00047075 K | STRELIA ELECTROTECNICA S COOP GALEGA | F70379698 | 11.153,21 | 5.000,00 | 6,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 13 | 2023/00047076 E | CIDADANIA REDE DE APLICACIONS SOCIAIS SOC COOP | F15715683 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,00 | |
| 14 | 2023/00047238 T | OBREGON Y ARIAS S COOP GALEGA | F72616600 | 51.570,35 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 15 | 2023/00047077 T | ENTRELAMPO | G70479571 | 5.460,01 | 5.000,00 | 6,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 16 | 2023/00047079 W | ARABIAS S.COOP.GALEGA | F70545199 | 5.000,00 | 5.000,00 | 7,00 | |
| 17 | 2023/00047080 A | RAYADOS S.COOP.GALEGA | F70467113 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 18 | 2023/00047081 G | GAIA DOS NENOS S.COOP.GALEGA | F70455779 | 7.159,50 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 19 | 2023/00047082 M | 7H SOCIEDADE COOP GALEGA | F70444302 | 5.000,00 | 5.000,0 0 | 7,00 | |
| 20 | 2023/00047170 R | COMUNIDADE CREATIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA | F01631282 | 25.400,00 | 5.000,0 0 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 21 | 2023/00047091 Z | NELINES S COOP GALEGA | F70597398 | 12.098,47 | 5.000,0 0 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 22 | 2023/00047092 S | NUMAX S COOP GALEGA | F70402490 | 5.000,00 | 5.000,0 0 | 5,50 | |

**Segundo. Denegar a solicitude presentada pola empresa SALGUEIRIÑOS DE CONSUMO S COOP GALEGA.**

**Terceiro.** Dar traslado deste acordo ás empresas interesadas

**Cuarto.** Dar traslado deste acordo ao departamento de servizos económicos para proceder ao pagamento das axudas indicadas e á liberación do crédito sobrante na retención de crédito inicialmente aprobada para esta convocatoria.

A Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro.** Aprobar a concesión, xustificación e pagamento das axudas, ás empresas e polos importes relacionados a continuación que suman un total de 110.000,00 euros con cargo á aplicación á partida orzamentaria 2023 010 43300 4790002 DESENV EMPRESARIAL TRANSFERENCIAS CORRENTES A EMPRESAS PRIVADAS dos orzamentos municipais de 2023:

| | **EXPEDIENTE** | **SOLICITANTE** | **NIF** | **IMPORTE SOLICITADO** | **IMPORTE CONCEDIDO** | **PUNTUACIÓN** | **MINORACIÓN** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2023/00046905 N | MAOS INNOVACION SOCIAL SOC COOP GALEGA | F70407549 | 14.028,42 | 5.000,0 0 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 2 | 2023/00047049 H | FLYING FUN S.COOP.GAL | F10521672 | 5.000,00 | 5.000,0 0 | 6,00 | |
| 3 | 2023/00047055 R | ABELURIA, S. COOP. GALEGA | F70557947 | 5.000,00 | 5.000,0 0 | 7,00 | |
| 4 | 2023/00047057 A | COMPOSTELA INSERTA EMPRESA DE | B70181771 | 9.882,78 | 5.000,0 0 | 7,00 | Excede a subvención máxima de |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | INSERCIÓN LABORAL, S.L. | | | | | 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 5 | 2023/00047060Y | CONSERVATORIO HIST. SANTIAGO DE COMPOSTELA S COOP GAL | F70005376 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5,50 | |
| 6 | 2023/00047061F | ALMAZEN DE YOGA SDAD COOP GALEGA | F70560701 | 5.000,00 | 5.000,00 | 7,00 | |
| 7 | 2023/00047065B | ARTEFEITO PRODUCIONS, S.COOP.GALEGA | F70586763 | 10.418,11 | 5.000,00 | 8,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 8 | 2023/00047067J | CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA | F15983067 | 14.017,67 | 5.000,00 | 7,50 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 9 | 2023/00047070Q | FEITORIA VERDE SOC COOP GALEGA | F70355268 | 6.224,56 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 10 | 2023/00047236K | ASPAS EMPREGO | B70007083 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,50 | |
| 11 | 2023/00047074C | ILLA BUFARDA, S.COOP.GALEGA | F70535943 | 12.451,53 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 12 | 2023/00047075K | STRELIA ELECTROTECNICA S COOP GALEGA | F70379698 | 11.153,21 | 5.000,00 | 6,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 13 | 2023/00047076E | CIDADANIA REDE DE APLICACIONS SOCIAIS SOC COOP | F15715683 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,00 | |
| 14 | 2023/00047238T | OBREGON Y ARIAS S COOP GALEGA | F72616600 | 51.570,35 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15 | 2023/00047077T | ENTRELAMPO | G70479571 | 5.460,01 | 5.000,00 | 6,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 16 | 2023/00047079W | ARABIAS S.COOP.GALEGA | F70545199 | 5.000,00 | 5.000,00 | 7,00 | |
| 17 | 2023/00047080A | RAYADOS S.COOP.GALEGA | F70467113 | 5.000,00 | 5.000,00 | 6,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 18 | 2023/00047081G | GAIA DOS NENOS S.COOP.GALEGA | F70455779 | 7.159,50 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 19 | 2023/00047082M | 7H SOCIEDADE COOP GALEGA | F70444302 | 5.000,00 | 5.000,00 | 7,00 | |
| 20 | 2023/00047170R | COMUNIDADE CREATIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA | F01631282 | 25.400,00 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 21 | 2023/00047091Z | NELINES S COOP GALEGA | F70597398 | 12.098,47 | 5.000,00 | 7,00 | Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria |
| 22 | 2023/00047092S | NUMAX S COOP GALEGA | F70402490 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5,50 | |

**Segundo. Denegar a solicitude presentada pola empresa SALGUEIRIÑOS DE CONSUMO S COOP GALEGA.**

**Terceiro.** Dar traslado deste acordo ás empresas interesadas

**Cuarto.** Dar traslado deste acordo ao departamento de servizos económicos para proceder ao pagamento das axudas indicadas e á liberación do crédito sobrante na retención de crédito inicialmente aprobada para esta convocatoria.

MÍRIAM LOUZAO FERNÁNDEZ - 44842191B
Data da sinatura 18/12/2023
Concelleira Secretaria substituta da Xunta de Goberno Local